PRIMERO.- Don Fernando Aguirre Vigo solicita en virtud de escrito presentado en este ayuntamiento, la recuperación de oficio de un camino presuntamente de titularidad municipal, que dice se corresponde con la parcela 9005 del polígono 42 que se encontraría a día de hoy ocupada por las instalaciones de la entidad mercantil Vestas Manufacturing Spain S.L.U.

SEGUNDO.- Estudiada la documentación obrante en el expediente y practicada la prueba pertinente, por esta informante se emitieron dos informes sobre la valoración de prueba, el primero en fecha 10 de febrero de 2017 y el segundo complementario de aquel de fecha 31 de mayo de 2017, en ambos informes se concluyó que con la prueba practicada no fue posible constatar la existencia de un camino público por el trazado indicado por el solicitante.

TERCERO.- Con fecha 8 de agosto de 2017 se puso de manifesto el presente expediente a las partes interesadas por término de 10 días a fin de presentar alegaciones. Presentaron alegaciones el promotor del expediente y la representación letrada de la entidad Vestas Manufacturing Spain S.L.U..

A la vista de las alegaciones presentadas, la que suscribe INFORMA:

PRIMERO.- En el punto primero del escrito de alegaciones presentado por Fernando Aguirre Vigo, manifiesta que no se ha tenido en cuenta en la valoración de la prueba el plano parcelario antiguo que por cierto, esta informante solicitó expresamente en su informe se incluyera en el expediente a fin de constatar los lindes de las parcelas que resultaban colindantes con el trazado del camino que discurre por las parcelas 91 y 124 hoy ocupadas por las instalaciones de la entidad mercantil Vestas.

Unido al expediente el parcelario antiguo, esta informante lo cotejó con las parcelas que en su día fueron compradas por este ayuntamiento, a fin de poder determinar, en su caso, la existencia del trazado de camino entre las parcelas 91 y 124.

De el estudio de ambas pruebas, entre otras, se determinó, como dice el promotor en el punto cuarto de su escrito, que las fincas 109-110-115-118 y 119 lindaban todas ellas con arroyo y no con camino, argumenta don Fernando que esto es así pero que el camino discurre paralelo a dicho arroyo por su viento oeste.

Obvia sin embargo que también se aportaron al expediente por la entidad Vestas, las hojas catastrales de las parcelas 94,97,98 y 99 que lindan por su viento este con las parcelas 117-119-115 y 109, y que por tanto no lindan ni con camino ni con arroyo. A mayor abundamiento contamos con los lindes de la finca 81 que por su viento este linda con arroyo.

Visto lo anterior, se mantiene por esta informante que con las pruebas con las que contamos, no podemos determinar que exista un camino, que transcurra a día de hoy por las fincas 91 y 124 ocupadas en la actualidad por la empresa Vestas Manufacturing Spain S.L.U.

Asimismo en el punto cuarto, el promotor manifiesta que en el informe jurídico complementario se hace mención a diferentes terminologías, camino de pie, camino de carro, camino de servidumbre, sendero en medio, camino, haciendo todas ellas referencias a un camino, entiendo que se refiere a las fincas analizadas en el punto B del dicho informe, remitiéndose esta informante al mismo a fin de no repetir las mismas consideraciones.

SEGUNDO.- Respecto de lo alegado en relación a los informes negativos emitidos por el Concejal de Obras y por el Servicio de Contratación que ponen de manifesto que no se ha realizado ninguna labor de mantenimiento ni ninguna obra en dicho camino, no comparte esta informante lo alegado por don Fernando que dice que no puede constituir una prueba concluyente, si podría llegar a serlo, ahora bien en el caso que nos ocupa y relacionando lo informado en los mismos con la prueba practicada en el expediente, constituyen una pruebas más que corrobora el sentido de los informes de la valoración de la prueba ya emitidos.



TERCERO.- En relación a lo alegado en el punto tercero por el promotor del expediente, que manifiesta que en el informe del vigilante urbanístico de fecha 25/09/2015, se deja constancia de la existencia física de un camino desde el fin del Camiño Muiño de Co, inventariado, hasta la finca 127, perfectamente delimitado y sin pérdida.

Este tramo analizado en el punto B del informe complementario, se consideró una vez analizadas las escrituras de las fincas sitas en esa zona, que teniendo en cuenta la descripción de los linderos no se podía acreditar que existiera continuidad en el camino, y que en caso de existir este fuera de naturaleza pública, de hecho la finca 130 linda con "camino de servidumbre." En este tramo si se consideró la posibilidad, teniendo en cuenta la ortofoto y la escritura referente a la parcela 274, que el camiño inventariado "Muiño de Co" podría llegar a dicha parcela para unirse al otro camino inventariado "Camiño de Seara a Calvoso".

Asimismo analiza el promotor el informe emitido por el vigilante urbanístico de abril de 2017, manifestando que se constata en todo caso la existencia por el este de la escuela de Chavín que proviene desde la LU 161, con entradas en las parcelas 234-235, y muestra disconformidad con la consideración de que el camino salga de nuevo a la carretera LU 161 por el norte de la parcela 239.

En el punto E del informe complementario se analiza minuciosamente el tramo referido en este punto, manteniendo esta informante las consideraciones esgrimidas en el mismo.

CUARTO.- En el punto quinto del escrito de alegaciones don Fernando adjunta copia de la Licencia para Construcciones de Obras y Reparaciones otorgada por el ayuntamiento de Viveiro a Jose Aguirre Durán, para obras de captación de agua en finca particular en el lugar de Caleira y conducirla por una tubería de plástico a su casa de Chaos para lo cual necesita cruzar el camino de Caleira a Chaos.

El promotor esgrime el argumento de que en la presente licencia se reconoce la existencia del camino público objeto del presente expediente, esta informante considera que con la copia de dicha licencia no podemos constatar la existencia del camino Caleira-Chaos que no aparece mencionado en ninguno de los lindes de las escrituras de las fincas sitas en la zona investigada, ni mencionado por ningún testigo, ni aparece en el expediente referencia alguna al mismo y mucho menos cual sería el trayecto que sigue dicho camino y en consecuencia si se corresponde con el investigado en el presente expediente, toda vez que por esta informante no pudo encontrarse plano que describa por donde discurría la traida de agua mencionada en la licencia aportada por el promotor del expediente."

"PRIMERO.- Con fecha 29 de agosto de 2017 se emitió informe jurídico por la que suscribe en el cual se pronunció exclusivamente sobre las alegaciones presentadas por el promotor del presente expediente, don Fernando Aguirre Vigo.

SEGUNDO.- En el presente expediente se formularon alegaciones por la compañía mercantil Vestas Manufacturing Spain, S.L.U. sobre las cuales no consta pronunciamiento en el citado informe jurídico.

TERCERO.- En dichas alegaciones no se argumenta más de lo ya alegado en el expediente con anterioridad, ni se aporta documentación que no se encontrara previamente en el expediente, no determinando por tanto variación alguna sobre la prueba ya existente y valorada en su momento, lo que determinó la innecesariedad de pronunciamiento sobre las mismas."

Resultando que consta así mesmo informe da Secretaría Municipal previo á resolución do expediente.

Intervén a Sra. Alcadesa para darlle a palabra á Secretaria Municipal co obxectivo de que resuma o expediente.

Intervén a Secretaria Municipal para dicir que se trata dun expediente de investigación dun camiño municipal, que segundo consta na documentación obrante no expediente e se recolle no informe de valoración das probas, conta cunha proba documental moi escasa o que impide poder constatar a existencia dun itinerario continuo que permita acreditar a existencia dun camiño público co trazado indicado na solicitude que deu lugar á posterior apertura do expediente de investigación, podendo determinarse unicamente a existencia do tramo inventariado como camiño do "Muiño de Co", así



como a existencia dun camiño público dende a LU-161 (entre as parcelas 234-235) con saída outra vez á LU-161 (entre as parcelas 239 e 104).

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que están de acordo coa resolución do expediente segundo os informes obrantes no mesmo.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que o seu grupo tamén está de acordo coa resolución segundo os informes obrantes no expediente.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, concelleiro non adscrito, para dicir que na Comisión Informativa se manifestou voto favorable, pero que analizado máis minuciosamente o asunto entende que se hai un camiño ata o Muiño d eco e tendo en conta a importancia que antigamente tiñan os muiños, e que na zona inicial tamén se observa que hai camiño, parece que non se considera improbable que puidese antigamente haber un camiño que comunicase ambos extremos; polo que aínda que entende correcta a proposta de resolución do expediente segundo os datos que obran no mesmo, adianta a súa abstención.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose con 10 votos a favor correspondentes aos grupos do P.S.O.E. e P.P. e 3 abstencións, correspondentes aos concelleiros non adscritos, en base á proposta da Alcaldía e aos informes valorativos das probas incorporados ao expediente, o Pleno da Corporación, acorda:

Primeiro. Acordar a imposibilidade de poder determinar a existencia do camiño sito en Chaos-Chavín, obxecto do expediente promovido por don Fernando Aguirre Vigo, con 599/2017, como camiño de titularidade municipal.

Segundo. Determinar a existencia do camiño público inventariado como “Camiño Muiño de Co”, co trazado que consta no inventario de bens municipais.

Determinar así mesmo a existencia dun camiño público dende a LU-161 (entre as parcelas 234-235) con saída outra vez á LU-161 (entre as parcelas 239 e 104).

Terceiro.- Acordar a inclusión no Inventario de Bens Municipais do camiño público constatado na tramitación do presente expediente e que non figura a día d ehoxe inventariado, dende a LU-161 (entre as parcelas 234-235) con saída outra vez á LU-161 (entre as parcelas 239 e 104).



Cuarto.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente, coa expresión dos recursos que procedan.

5.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2016 (EXPTE. 2994/2017)

Vista a proposta da Alcaldía en orde á aprobación da Conta Xeral do exercizo 2016.

Resultando que a mesma foi dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas e estivo exposta ó público sen que se presentase alegación ou reclamación algunha.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que transcorre do seguinte xeito:

Intervén o concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para indicar que na comisión especial de contas do día 6 de xuño de 2017 se dictaminou favorable dita conta do exercicio 2016. Expuxose o público do 13 de xuño ó 14 de xullo, o que marca a lei, e non se presentou ningunha alegación o respecto, consta certificado de secretaría de data 19/07/2017. Voltouse a facer outra comisión finalizado ese periodo de exposición, o día 1 de Setembro e voltouse a dictaminar favorablemente. Hoxe traése a este pleno para a su aprobación definitiva. Sinala que a Conta Xeral é a expresión financeira da contabilidade orzamentaria e liquidación do presuposto, sendo a obrigación formal de rendir contas e por de manifestó a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario sendo tamén un acto esencial para a fiscalización da mesma polos órganos de control externo. Cúmprese cos prazos legais para a súa presentación, que debe estar aprobada antes do 30 de setembro. Apunta que a conta cumpre con toda a documentación esixida pola Ley, co balance de situación, resultado económico patrimonial e memoria, tamén as actas de arqueo, cadro de financiación, a propia liquidación orzamentaria, balances e memorias das sociedades. Manifesta así mesmo que na conta de resultados dese exercicio se acadou unha cifra de 590.772,60 €, que os fondos propios no 2016 foron sobre 43 millóns de euros e que o remanente de tesoureiría para gastos xerais en 2016 foi positivo duns 250.000 euros. Engade que en canto o cumprimento de obxetivos se cumpre coa estabilidade orzamentaria, cunha capacidade de financiamento ao remate de 2016 duns 800.000 euros; cúmprese coa regra de gasto (cunha diferenza duns 400.000 euros entre o resultado final e o gasto máximo admisible); tamén se segue cumprindo co límite de débeda pública, seguindo a baixar a débeda, cunha débeda viva a 31 de decembro de 2016 de algo máis de once millóns de euros, e coas previsións para 2017 pecharase ese exercizo con algo máis de dez millóns de euros, polo que se segue baixando a porcentaxe; respecto ao periodo medio de pago pechouse o exercicio a 31-12 en 30,62 días, cumprindo practicamente coa normativa vixente. Fai referencia ás sociedades municipais indicando:

Turviveiro foi aprobada por unanimidade en 2015 en base a aplicación do RD 27/2013, con efectos do día 1 de decembro, a súa disolución . Na xunta xeral da sociedade de data 20 de xullo de 2017 aprobouse a liquidación definitiva da sociedade, presentada



polos liquidadores nomeados da deputación de Lugo. Asinouse a escritura notarial de extinción na data do 31 de agosto pasado, e esta pendente de presentación tanto no rexistro mercantil como na Xunta de Galicia para o seus asento definitivo.

Aparcamentos A Mariña S.L. aprobáronse as contas do exercicio 2016 na xunta xeral celebrada o 29 de xuño de 2017. As mesmas foron presentadas no rexistro mercantil o día 28 de xullo para a súa inscrición. Na data do 16 de agosto, recibíuse notificación de calificación do rexistro, indicando que non constaban as do 2015, que foran presentadas, pero non ratificadas, debido as discrepancias coñecidas, na conta de caixa e por tanto, mentres non se aproben as do 2015 non se poden asentar as do 2016. Para elo dan un prazo, que remata a mediados de outubro, polo que durante este mes de setembro farase unha xunta xeral.

Eogal Viveiro S.L. na data do día 2 de agosto de 2016 celebrouse unha xunta xeral, na que se aprobou a disolución de dita sociedade en base á lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da administración local. En diversas ocasión tratouse de contactar coa outra parte do accionariado da sociedade, EOLICA GALEGA DE INVERSIONS S.L, tanto a través de chamadas telefónicas, correos electrónicos e fai uns días un burofax, e foi imposible de contactar, solicitándolles as contas de 2016. Farase requirimento.

Conclúe indicando que isto foi o que deu de sí o movemento contable do Concello de Viveiro no exercicio 2016.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que facendo un repaso pola tramitación a reunión da Comisión Especial de Contas tñase que facer antes do 1 de xullo do 2017 e fíxose o 6 de xullo, a segunda fíxose agora e o Pleno vaise facer antes o 1 de outubro, esperando que sexa un bo sinal para cumprir cos prazos. Resalta que se observa que o Concello conta cuns 1000 euros de endebedamento por habitante en contraposición cos 882 cos que contaba no 2013. Engade que a inversión por habitante tamén resulta menor que en anos anteriores, de 34 euros /habitante, sendo menor tamén o esforzo de inversión, de 0,04. Apunta que respecto ás contas de Aparcamentos A Mariña contan cun déficit de 32.500 euros, estando aínda pendentes as do 2015 onde o presidente do consello de administración da sociedade detectou que faltaban algo máis de 20.000 euros, sorprendendo que os anteriores presidentes non o detectasen, e parecendo que hai pouco interese por parte do goberno en que se aclare ese asunto. Sinala así mesmo que segundo se manifesta no informe de intervención non houbo amortización de bens, resaltando a necesidade da actualización do inventario de bens municipais, que data do 2002. Manifesta que estas Contas contan cun millón de euros de facturas con reparos suspensivos referentes a contratos menores sucesivos, dándose pro intervención unhas recomendacións que agardan teña presentes o equipo de goberno para o 2017. Sinala que non se está a realizar o informe de fiscalización plena que se recolle nas bases de execución do orzamento, que tampouco se fixo en exercicios anteriores. Procede a facer un repaso



sobre diversas partidas, indicando que na referente a gratificacións da policía local se preveu no orzamento 25.000 euros e se gastaron 79.000 euros; os 260.000 euros previstos en gastos diversos en urbanismo se deixaron sen executar; na partida de recollida de lixo pagáronse 115.000 euros do que se presupuestara, en enerxía eléctrica dos centros socioculturais gastouse máis do orzamentado; en gratificacións había 0 euros e pagáronse 38.000 euros; hai pendente de aplicar ao orzamento de 2016 761.000 euros. En base a todo o argumentado indica que o seu grupo vai rexeitar as contas para que todo isto se corrixa para os anos sucesivos, xa que as consideran unhas contas malas froito da súa mala xestión económica.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que está a favor, que as contas son as que son, independentemente de que non se estea de acordo con elas ou non se estea de acordo coa xestión.

Intervén o concelleiro de facenda que a partida de urbanismo á que se fai referencia que hai cuantías sen executar corresponden á demolición da obra de Nicolás cora, que se vai facer este ano. Respecto aos reforzos da policía apunta que se os hai hai que pagalos e indica que as contas son as que son, que poden gustar máis ou menos. Eogal sinala que se extinguiu por indicacións da Interventora, non porque quixese o equipo de goberno. Engade que é certo que hai que actualizar o inventario, que tamén hai que sacar a concurso contratos como a luz, o teléfono, pero que non é fácil resolver todo en pouco tempo, porque non se dá andado máis, aínda que algúns digan que sobra xente no concello, que se tomará nota de todo iso pero que se irán sacando os procesos de contratación pouco a pouco porque todo xunto é imposible. Conclúe sinalando que os cidadáns de Viveiro teñen servizos, e que lles gustaría investir máis, pero que non se pode facer todo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se estivo traballando no expediente referente a Aparcamentos A Mariña, e que o presidente do consello de administración se puxo en contacto co resto de conselleiros, e dille ao grupo do P.P. que o equipo de goberno non ten culpa de que o seu representante no consello de administración non os informe. Engade que respecto aos reforzos da policía local non se trata dun capricho, que houbo unha xunta de seguridade onde se dixo que nun concello como Viveiro non se podía deixar as noites sen policía, a maiores dos novos niveis de alerta dos últimos meses, onde aínda houbo que reforzar máis. No tocante a Turviveiro indica que cando se liquidou xa se informou polos liquidadores de que a empresa foi a menos dende que Portos lle quitou a concesión ao Concello. Engade que as preguntas que se fan no Pleno deberían facerse nas Comisións Informativas, que para iso se realizan.



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., d. Antonio Bouza Rodil para dicirlle á Sra. Alcaldesa que sempre está recordando que o P.P. di que a xestión é mala, e indícalle onde se está agora tras 14 anos de goberno socialista, en ocasións xunto con outras forzas políticas, sendo Viveiro o concello con máis débeda da provincia de Lugo, o 6º máis endebedado de Galicia e o posto 648 de toda España, preguntándose se con estes datos pode decirse que hai unha boa xestión.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o equipo de goberno está reducindo a débeda, que no ano 2003 había unha débeda de dez millóns de euros, e que respecto á mala xestión, ahí están para ver as obras que se fan, grazas ás subvencións da Deputación, porque a Xunta de Galicia denega todo, e engade que a valoración da xestión teñen que facela os veciños.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose con 10 votos a favor correspondnets ao grupo do P.S.O.E. e as tres concelleiros non adscritos e 3 votos en contra correspondentes ao grupo do P.P., a aprobación da Conta Xeral do exercizo 2016.

2ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CUENTA AL PLENO DE LOS INFORMES DE SEGUIMIENTO PLAN DE AXUSTE DO 1º E 2º TRIMESTRE 2017

Por parte da Intervención Municipal dase conta ao Pleno da Corporación dos informes de seguimento do Plan de Axuste do 1º e 2º trimestre de 2017.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DPMT - EDAR

A Sra. Alcaldesa dá conta da Resolución dictada pola Alcaldía, respecto da solicitude de autorización da ocupación de DPMT pola EDAR.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno

3.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DEL INFORME ECONÓMICO, ESTABILIDAD, ENDEBEDAMENTO E PMP CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017, DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA EXECUCIÓN ATA O 30 DE XUÑO DE 2017



Por parte da Intervención Municipal dase conta ao Pleno da Corporación do informe económico, estabilidade, endebedamento e PMP correspondente ao 2º trimestre de 2017, dación de conta ao pleno da execución ata o 30 de xuño de 2017.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno

4.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME CONTROL FINANCIERO GASTOS CONTRATOS MENORES 2016.

Por parte da Intervención Municipal dase conta ao Pleno da Corporación do informe de control financeiro, gastos e contratos menores 2016.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno

5.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das memas, segundo consta no expediente, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

6.-.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciron neste pleno rogos e preguntas

3ª PARTE **PARTE DECLARATIVA**

1.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA FORMULADA POLO CONCELLEIRO D. MARCOS BESADA ÁLVAREZ

Por parte da Sra. Alcaldesa dase conta do escrito de renuncia presentado polo Concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de son viveiro, integrante do grupo mixto, presentado neste concello en data 20 de xullo de 2017, para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación.

Intervén a Sra. Alcaldesa pra dicir que aínda que non se atopa presente neste pleno lle desexa todo o mellor, pronunciándose no mesmo sentido D. Antonio Bouza Rodil e D. Bernardo Fraga Galdo.



Non existindo máis debate sobre este asunto tómasse en consideración a renuncia presentada, aos efectos previstos na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa remisión á Xunta Electoral Xeral a efectos de expedición da oportuna credencial a favor do seguinte da lista de Son Viveiro nas pasadas eleccións municipais, D^a. Sara Trabada Blanco.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21.10 do día 6 de setembro de 2017, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)